

INFORMACIÓN PARA O ALUMNADO

ORDE do 16 de abril de 2021 pola que se establecen as bases reguladoras para as accións formativas do Plan formativo para o emprego (persoas traballadoras desempregadas) da Comunidade Autónoma de Galicia para o período 2021-2023, e se realiza a súa primeira convocatoria para os exercicios 2021 e 2022 (código de procedemento TR301K).

1. A formación será gratuíta para todo o alumnado das accións formativas realizadas ao abeiro desta orde.
2. O alumnado que cumpra os requisitos establecidos pola correspondente normativa reguladora terá dereito a percibir as axudas ou bolsas que estableza a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade para as persoas traballadoras desempregadas que participen en accións formativas de formación profesional para o emprego.
3. Dentro da programación de formación profesional para o emprego financiada con fondos públicos, o alumnado que resulte seleccionado para un curso non poderá asistir en ningún caso a outro simultaneamente. Tampouco poderá causar baixa nun curso financiado dentro desta programación para acceder a outra acción formativa financiada con fondos públicos, salvo autorización expresa previa da persoa titular da xefatura territorial competente e por causas excepcionais debidamente xustificadas.
4. O alumnado participante terá a obriga de:
 - Asistir e de seguir con aproveitamento os cursos.
 - Rexistrar a súa asistencia e seguimento da acción formativa mediante o uso daqueles sistemas de control autorizados para as distintas modalidades de impartición e establecidos nos artigos 18 e 19 desta orde e que, para tales efectos, aplique a entidade formadora.
 - Facilitar, segundo o disposto nestas bases e nos prazos que nela se establecen, a documentación que lle ten que ser requirida pola entidade impartidora o día da selección sobre o cumprimento dos criterios de acceso, así como aqueloutra que se lle requira o día de inicio do curso ou da súa incorporación a el. Neste último caso, a persoa alumna deberá entregar a documentación dentro dos 3 primeiros días lectivos do curso ou dos 3 primeiros días lectivos desde a súa incorporación ao curso.
 - Responder ao formulario da enquisa de avaliación da calidade da acción formativa que se lle remitirá por vía telemática ao rematar a actividade formativa ou que, de ser o caso, se lle entregará en soporte de papel para a súa cobertura.
5. Nos cursos de especialidades formativas correspondentes a certificados de profesionalidade de niveis 2 e 3, terán a obriga de presentar copia da documentación acreditativa dos requisitos de acceso para poder participar no curso. De ser o caso, tamén deben presentar a documentación acreditativa para a exención do módulo de prácticas profesionais non laborais.
6. Serán causas de exclusión:
 - a) Incumprimentos de asistencia na modalidade presencial:
 - I.Incorrer nun número de faltas de asistencia sen xustificar superiores a 10 horas ao mes ou non seguir o curso con aproveitamento o segundo criterio da súa persoa responsable.A xustificación das faltas deberá facerse mediante documentos ou calquera outro medio que acredite de modo fidedigno o motivo da non asistencia.
 - As persoas alumnas disporán dun prazo de tres días hábiles para presentar na entidade de formación os xustificantes das súas faltas de asistencia. Unha vez transcorrido este prazo sen que os presentasen, a falta será considerada como sen xustificar.
 - Para estes efectos, consideraranse xustificadas as seguintes causas:
 - Enfermidade ou accidente acreditados.
 - Consulta médica propia ou de familiares ata o primeiro grao ou persoas ao seu cargo.
 - Nacemento de fillo ou filla.
 - Falecemento, accidente ou enfermidade grave dun familiar ata o segundo grao: ata 2 días hábiles na mesma localidade e 3 días hábiles en distinta localidade.
 - Contratación laboral que permita compatibilizar a asistencia ao curso ata completar o 75 % de horas lectivas da acción formativa.

- Realización de entrevistas ou probas para acceso ao emprego.
- Asistencia a exames finais e outras probas de aptitude, de carácter oficial.
- Citación administrativa ou xudicial.
- Permiso por violencia de xénero.
- As actividades vinculadas coa conciliación familiar por coidado de fillos/as e/ou persoas acollidas menores de 12 anos ou de familiares dependentes ata o segundo grao ao cargo da persoa alumna, sempre que resulte acreditada debidamente tanto a causa como o vínculo familiar, nos termos da normativa aplicable.
- Outras causas expresamente autorizadas pola xefatura territorial da Consellería de Emprego e Igualdade que resulte competente para a concesión da subvención.

As faltas de asistencia por actividade laboral, cun máximo de 25 horas ao mes, xustificaranse cunha copia do contrato de traballo e a acreditación documental suficiente de superposición do horario laboral co horario lectivo.

II. Incorrer en sete incumprimentos horarios nun mes, sen xustificación. Enténdese por incumprimento horario cando, sen causa xustificada, a suma dos minutos de atraso na hora da entrada, da saída con antelación e das ausencias durante parte das horas lectivas sexa superior a 15 minutos por cada día lectivo.

c) Causas disciplinarias:

I. Atentar contra os dereitos das persoas alumnas, do persoal docente ou da entidade formadora.

II. Non seguir con suficiente aproveitamento a acción formativa ou dificultar o seu normal desenvolvemento.

III. Negarse a efectuar os controles biométricos de asistencia ou os que procedan segundo a modalidade de impartición.

IV. Non entregar a documentación necesaria para dar cumprimento á normativa aplicable requirida pola entidade formadora ou pola unidade administrativa correspondente.

O procedemento para dilucidar se procede a exclusión por causas disciplinarias será resolto pola persoa titular da xefatura territorial da provincia en que teña lugar a acción formativa en cuestión e iniciárase mediante solicitude debidamente motivada por parte da entidade formadora.

No prazo de 5 días hábiles, a persoa proposta para exclusión será obxecto de audiencia polo Servizo de Formación e Colocación competente, logo da cal esta unidade formulará a súa proposta de resolución.

Durante a tramitación do procedemento a persoa alumna que o motiva poderá ser suspendida de asistencia á acción formativa ata a notificación da resolución definitiva, contra a cal, que non pon fin á vía administrativa, poderán interpor recurso de alzada as persoas interesadas.

7. Nas accións formativas de especialidades vencelladas a certificados de profesionalidade, as persoas alumnas que teñan xa cursado con aproveitamento algún módulo formativo daqueles que integran a especialidade que estean cursando non poderán volver realizalo, sempre que esa formación sexa acreditable para os efectos da obtención dos certificados de profesionalidade.

8. A superación de tódolos módulos formativos asociados a esta formación conduce á obtención dun certificado de profesionalidade ou no caso de superarse na súa totalidade á certificación dos módulos que correspondan.

9. O alumno foi informado dos requisitos necesarios para poder participar na actividade formativa.

10. O alumno que realízase un curso e teña dereito a diploma non poderá volver realizar outro curso da mesma especialidade. No caso de detectarse esta circunstancia, deberán ser dados de baixa no curso. Ademais, neste suposto o alumnado correspondente non terá dereito a percibir ningunha das bolsas e axudas que se financian no marco do procedemento TR301V.

11. Diplomas.- 1. Para ter dereito a diploma o alumnado deberá cumprir os requisitos de acceso esixidos para asistir á acción formativa e rematar con aproveitamento o curso cumprindo as seguintes condicións: a) Modalidade presencial: Asistir e superar o 75 % de cada un dos módulos que integran a acción formativa, independentemente de que se programase a especialidade completa ou modularmente.

Santiago de Compostela,

Asinado o/a alumno/a